

Imaxe tirada da serie gráfica Muñecas (1987)
de Luis Seoane. Fundación Luís Seoane.



A Voltas co Baile

O sentido
de comunidade
nos espazos
e prácticas do baile

Sábado 30 de setembro de 2023

Xornada teórica de 10h30 a 14h00
Auditorio do Museo do Pobo Galego

Participan:

Xulia Feixoo
Beatriz Busto
Adrián Méndez
Chus Caramés
Lucinda Barcia
Montse Alvariño



Foliada a partir das 14h00
Xardín da ala sur do Museo

Mais información e inscrición:

servizosdeac@museodopobo.gal
www.museodopobo.gal



Museo do Pobo Galego



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



a xuntanza
REGISTRACIÓN FESTIVAL



Comisión de Festas
Barrio de San Pedro

A VOLTAS CO BAILE.

O sentido de comunidade nos espazos e prácticas do baile.

Sábado, 30 de setembro de 2023

Auditorio e xardín da ala sur do Museo do Pobo Galego.

O baile transmitiuse xeracionalmente como ferramenta de socialización e cohesión grupal, e foi constituíndose como elemento vertebrador da comunidade en encontros que se suceden en calquera momento do ano, por todo o territorio galego en diferentes contextos e denominacións: ruadas, foliadas, seráns, repichocas, polavilas...

Encontros interxeracionais, participativos e cun alto grao de organización comunitaria, que dan lugar a espazos abertos, en constante dinamismo e en diálogo co pasado, presente e futuro, que actualmente son obxecto de declaración como Ben de Interese Cultural.



PROGRAMA

Xornada teórica no auditorio do Museo do Pobo Galego.

- De 10h30 a 11h30. Relatorio. **Ao coidado do patrimonio inmaterial. Repensando a música e o baile tradicionais como bens mancomunados.** Con Xulia Feixoo.

No ano 1968 o ecólogo Garrett Hardin publicou un ensaio na revista Science no que pretendía demostrar como a natureza competitiva no ser humano resultaba incapacitante para xestionar de forma cooperativa os recursos naturais colectivos, o que foi coñecido dende entón como a «traxedia dos comúns». Como alternativa á súa visión pesimista a politóloga e premio Nobel Elinor Ostrom propuxo, a «teoría dos comúns» no ano 2000, na que que visibilizan e analizan os bens comúns coma unha realidade económica en numerosas culturas de todo mundo, demostrando como en determinados casos a xestión cooperativa de recursos comunitarios supón unha alternativa viable ao neoliberalismo económico. Nesta palestra partírase de diferentes etnografías realizadas no contexto do baile comunal na Galiza para proxectar un futuro posible a través da xestión comunitaria da música e o baile tradicionais de noso.

Xulia Feixoo é Licenciada en Historia da Arte, Titulada Superior en Etnomusicoloxía, Premio Extraordinario de fin de Carreira no Mestrado en Música Hispana e investigadora predoutoral FPI do proxecto de investigación “Turismo y procesos de espectacularización en las tradiciones musicales ibéricas contemporáneas” da Universidade de Valladolid. A súa actividade investigadora céntrase no estudo e divulgación das músicas de tradición oral de Galicia e na foliada como fenómeno sociocultural.

- De 11h45 a 12h45. Relatorio. **Arredor do patrimonio cultural inmaterial colectivo. Viaxe a unha declaración BIC.** Con Beatriz Busto Miramontes.

En marzo de 2018, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, resolvía no DOG un expediente de incoación que pretendía declarar Ben de Interese Cultural do patrimonio inmaterial (BIC) o baile galego. O proceso quedou paralizado despois da fase de consulta e de que unha serie de alegacións sentaran o precedente dun proceso que se activou anos despois, no cal un novo ben –a foliada– iniciaba o seu camiño de patrimonialización. Aquela mobilización popular da comunidade da música tradicional puxo de manifesto a súa implicación coa salvagarda do seu patrimonio cultural nun sentido vivo e dinámico así como o seu desexo de participar dos procesos de patrimonialización dun xeito activo. Esta palestra pretende describir aquel proceso ata hoxe.

Beatriz Busto Miramontes é musicóloga, etnomusicóloga e antropóloga . É profesora de Antropoloxía Social na USC, na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela e investigadora da Rede Galabra. Autora dos libros Um país a la gallega. Galiza no NO-DO franquista (2021) obra galardoadada co Premio Follas Novas por Ensaio e Investigación e Pandereteiras de Mens (2021), primeiro premio de Investigación nos Premios de Introducción á Perspectiva de Xénero da USC.

- De 13h a 14h. Mesa redonda. **Foliada, ruada, serán... O encontro da comunidade a través do baile.**

Coloquio entre tres colectivos referentes na organización de encontros arredor da música e baile tradicionais. Urbanas ou rurais, con anos de traxectoria ou recentes, espontáneas ou con programación, estas xuntanzas facilitan a conservación e divulgación do PCI por todo o territorio galego (e mesmo fóra del) ao amparo de nomes diversos.

Nesta mesa tentaremos reflexionar sobre as motivacións, as casuísticas, os obxectivos e os valores que promoven para seguir espallando a música e o baile entre as futuras xeracións.

Contaremos con Adrián Méndez pola **Foliada da Fonsagrada**, Chus Caramés polos **Encontros de música tradicional de Carboeiro** (Silleda) e Lucinda Barcia e Monserrat Alvariño Barcia polo **Serán dos Namorados** (Toutón, Mondariz).

O encontro estará moderado por Xulia Feixoo.

Xornada práctica no xardín da ala sur do Museo do Pobo.

- De 14h a 20h. **FOLIADA.**

No xardín da ala sur do Museo e co-organizada coa **AVV A Xuntanza** e o **grupo das Festas do Barrio de S. Pedro**, tras a xornada teórica matutina dedicada á reflexión sobre o sentido de comunidade a través dos usos e espazos do baile, celebraremos unha foliada na que pór en práctica o falado durante a mañá.

INSCRICIÓNS PARA A XORNADA TEÓRICA.

Antes do 29 de setembro.

servizosdeac@museodopobo.gal

Prazas limitadas.

Para a foliada non é preciso inscribirse.

ENTRADA DE BALDE.

